



# SINFÓNICA DE PONTEVEDRA

## Probas Xuño 2026

A Orquestra Sinfónica de Pontevedra convoca probas de admisión para cubrir prazas na Orquestra Infantil, nas especialidades instrumentais, de acordo as bases que seguen :

**Violín, viola, violoncello, contrabaixo.**

### Capítulo I: Requisitos.

1. Poderá presentarse todo aquel alumnado que estea matriculado en conservatorio, escola de música ou academia nalgunha das especialidades anteriormente sinaladas.
2. Ter entre 10 e 14 anos.

### Capítulo II: Presentación de instancias.

3. Quen desexe tomar parte nestas probas deberá cubrir a solicitude de inscrición que será publicada na web da Orquestra, [sinfonicadepontevedra.com](http://sinfonicadepontevedra.com).
4. O prazo de presentación de solicitudes será do **20 de maio ao 3 de xuño de 2026 (ambos inclusive)**. As solicitudes remitidas fóra de prazo serán desestimadas.

### Capítulo III: Desenvolvemento das probas.

- As probas realizaranse os días **22 e 23 de xuño**. O lugar e a distribución exacta das audicións confirmarase unha vez pechado o prazo de recepción de solicitudes e elaborada a lista definitiva de admitidos/as.
  - O proceso selectivo consistirá na interpretación dunha obra libre (de acordo ao derradeiro nivel cursado).

As probas realizaranse sen pianista acompañante, sen facer as repeticións e sen necesidade de facer os compases de espera cando estes excedan de 2.

5. A selección dos aspirantes efectuarase por un Tribunal Cualificador designado pola directiva da Orquestra Sinfónica de Pontevedra.

#### **Capítulo IV: Comunicación dos resultados.**

6. Os resultados das audicións comunicaranse vía correo electrónico, no prazo dunha semana despois da realización das mesmas, unicamente á dirección de e-mail desde a que foi presentada a instancia á orquestra.

#### **Capítulo V: Titularidade.**

1. Os aspirantes deben aceptar na súa totalidade o documento das normas de réxime interno da Orquestra Infantil, que será facilitado, se así se solicita, ao superar as probas de admisión.
2. Os aspirantes seleccionados adquirirán a condición de membros da orquestra infantil, por un período de 2 anos, unha vez cuberta e presentada a folla de matrícula e formalizado o pago da cota anual de socio.

**A participación nas audicións de selección supón a aceptación expresa da totalidade das Bases desta Convocatoria.**

**Pontevedra, a 19 de maio de 2026**